

Resolución do 10 de maio de 2025 do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo unitario para a provisión, mediante contrato laboral temporal, de postos de auxiliares de policía local, convocado pola Orde do 25 de febreiro de 2025, **pola que se emenda a listaxe de cualificación definitivas correspondentes ao primeiro e segundo exercicio deste proceso e se convoca realización do terceiro exercicio (probas de aptitude física)**

O día 2 de maio de 2025 realizáronse o primeiro e segundo exercicios deste proceso nomeado no encabezado desta Resolución, correspondentes as probas de coñecementos e a proba de coñecemento da lingua galega.

Publicadas as cualificacións provisionais de ditos exercicios, e rematado o prazo de alegacións as mesmas, este Tribunal, nas sesións celebradas ao efecto, ACORDOU:

1. Confirmar e elevar a definitiva a listaxe de cualificacións provisionais publicadas como anexo da Resolución de data 7 de maio de 2025 deste Tribunal, do primeiro exercicio.
<https://agasp.xunta.gal/sites/default/files/process/resolucion%203%20-%202025%20asinada%20de%2007.05.2025%20correcci%C3%B3n%20plantilla.pdf>
2. Confirmar e elevar a definitiva a listaxe de cualificacións provisionais publicadas como anexo da Resolución de data 6 de maio de 2025 deste Tribunal, do segundo exercicio.
<https://agasp.xunta.gal/sites/default/files/process/resoluci%C3%B3n%202.2025%20notas%20test%20asinada.pdf>
3. **Convocar** a todas as persoas que superaron o primeiro e segundo exercicio, á realización do **terceiro exercicio**, atendendo as normas e indicacións que a continuación se indican (de acordo co xa indicado na resolución do 28 de abril de 2025)

DATA: 12 de maio de 2025

HORARIO: Mañá (08:45 horas ata as 14:00 horas)

LUGAR: Sede da Academia Galega de Seguridade Pública



Rua da Cultura, s/n
36680 A Estrada
Pontevedra

DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA ACCEDER Á RELIZACIÓN DO TERCEIRO
EXERCICIO:

- A. DNI ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
- B. Informe médico en que se faga constar expresamente que a persoa aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos deste proceso. Este informe médico deberá ser expedido dentro dos 15 días inmediatamente anteriores ao día 12 de maio de 2025.

Ou

Declaración responsable debidamente cuberta

<https://agasp.xunta.gal/sites/default/files/process/Declaraci%C3%B3n%20responsablepr461Bprobafisicas.pdf>

- C. 4 imperdibles para suxeitar o dorsal.

As persoas aspirantes que non se presenten ás probas, ou non acudan coa documentación relatada con anterioridade, non poderán realizar as probas físicas e decaerán de todos os seus dereitos no proceso selectivo.

As probas de aptitude física realizaranse pola orde relacionada nas bases e cada un deles é eliminatorio para realizar o seguinte.

Na proba de potencia tren inferior (salto vertical) permitirase unha segunda realización cando na primeira non se obteña a cualificación de apto/a.

Na proba de resistencia xeral as persoas aspirantes dispoñen dunha soa posibilidade de execución.



A non superación de calquera das probas na forma indicada dará lugar á eliminación da persoa aspirante.

Unha vez efectuado o chamamento as persoas aspirantes seguirán en todo momento as indicacións do Tribunal e do persoal colaborador. O incumprimento do cumprimento das ditas instrucións suporá a exclusión da persoa aspirante do proceso.

4. Este Tribunal encomendou ao servizo de coordinación, planificación e selección da AGASP á realización das listaxes e quendas de chamamento e a súa publicación na páxina web oficial.

<https://agasp.xunta.gal/sites/default/files/process/WEB.%20CHAMAMENTOS%20PROBAS%20F%C3%8DSICAS.pdf>

Recomendase a todo o persoal convocado, que se atope no lugar determinado para o chamamento (pavillón da Agasp) polo menos con 10 minutos de antelación a hora sinalada para cada interesado/a.

Na data da sinatura electrónica

A Presidenta do Tribunal

Paula Cajaraville Leiro

